
A CASA DA MOSCA CHOSCA

Adaptación de EVA MEJUTO

Ilustracións de SERGIO MORA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

A casa da mosca chosca (galego)

ISBN 978-84-8464-155-1. Os contos do trasno.

La casa de la mosca fosca (castelán)

ISBN 978-84-8464-143-8. Cuentos tradicionales.

La casa de la mosca fosca (catalán)

ISBN 978-84-16804-23-8. Contes tradicionals.

A casa da mosca fosca (portugués)

ISBN 978-972-8781-18-7. Contos tradicionais.

La mosca fosca (italiano)

ISBN 978-88-95933-30-6. I racconti tradizionali.

The shy fly's house (inglés)

ISBN 978-84-8464-695-2. Books for dreaming.

Era unha mosca chosca que vivía no bosque.

Farta de zoar dun sitio a outro, decidiu facer unha casa.

*-Poderei durmir na cama,
poderei estar quentiña,
poderei cos meus amigos
merendar nunha cociña...*


A mosca chosca cansou de revoar sen rumbo e construíu unha casa para ter un lugar onde recibir outros habitantes do bosque. Fixo un pastel de amoras, puxo sete banquetas e sete pratos. E, co arrecendo da torta, foron aparecendo -do máis pequerrecho ao máis grande- sete curiosos animais.

“A casa da mosca chosca” é unha adaptación realizada a partir do conto popular ruso recuperado por Aleksandr Afanásiev. Os protagonistas introducen os lectores nun divertido xogo de números e tamaños, rimas, repeticións e ritmos, que son elementos propios da tradición oral.

Utilizando cores “explosivas, case fluorescentes”, Sergio Mora crea unhas criaturas extravagantes, de aspecto transgresor, con moito humor e expresividade. Un conto acumulativo que invita ao xogo fonético; unha historia para ler e contar, que medra en intensidade ao paso de cada páxina ata chegar a un final sorprendente.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** adaptación dun conto popular ruso.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** relato acumulativo; rimas, repeticións (recursos da tradición oral); ilustracións de cores chamativas e formas orixinais; animais do bosque; xogo de números e tamaños.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-casa-da-mosca-chosca-g>

Eva Mejuto

(Pontevedra, 1975)

Licenciada en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou no sector editorial. Como autora de literatura infantil, adaptou varios contos tradicionais.

Sergio Mora

(Barcelona, 1975)

Estudou na Escola de Artes e Oficios Llotja de Barcelona e está considerado un dos expoñentes do movemento Pop Surrealista. Ademais de ilustrar libros infantís, é artista multidisciplinar: pintor, realizador de vídeo, deseñador, decorador, performer e historietista. Colabora con revistas de varios países e participa en campañas de publicidade. A súa obra -que tamén asina como Magicomora- expúxose en galerías e feiras de arte nacionais e internacionais. Foi galardoado co Premio Junceda en 2004 e 2010, e co Premio Grammy Latino de Deseño 2016.

<http://www.sergiomora.com>

